67/41

10

Exp: 68/78
ID: 1078

| PROVINCIA: LUGO | MUNICIPIO: SARRIA |
|---|---|

# CARPETA-FICHA DEL MONTE:

"DE ORTOA"

## COMUNIDAD PROPIETARIA

Vs: ORTOA (P.ª)

CLAVE DEL MONTE

| PROVINCIA | MUNICIPIO | COMUNIDAD PROPIETARIA | MONTE |
|---|---|---|---|
| LU | 57 | 32. | 1 |

SUPERFICIE

| HECTAREAS |
|---|
| 152 |

En la ciudad de Lugo a treinta de abril de mil novecientos setenta y nueve, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte " DE ORTOA" como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE ORTOA", expediente nº 68/78, del ayuntamiento de Sarria, ha promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTANDO.- Que con fecha 31 de marzo de 1.978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte " DE ORTOA", designando como Instructor al Vocal DON MANUEL MARTINEZ GARRIDO.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia por la que se dé comienzo al expediente de clasificación nº 68/78, poniendo por cabeza del mismo copia de acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Sarria, para que aportará:
a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte " DE ORTOA", sito en la parroquia de Ortoa de 152 Ha, b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte " DE ORTOA", c) Certificación del acuerdo municipal relativa al Consorcio , con la Administración Forestal, para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se acordó recabar de la Administración Forestal I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte " DE ORTOA", figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia acordando la publicación de edicto en el ayuntamiento de Sarria, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoacción del presene expediente de clasificación a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de junio de 1.978, se recibió certificación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que consta que el monte " DE ORTOA", sito en la parroquia de Ortoa, ayuntamiento de Sarria, está en parte incluido en el denominado " LUDEIRO Y MACAQUE", nº 77 - B del Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de junio de 1978, se recibió certificación del ayuntamiento de Sarria, en la que consta que el edicto permaneció expuesto al público en el tablón de anuncios y lugares de costumbre durante el tiempo correspondiente.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de julio de 1.978, se recibió certificación relativa al Registro de la Propiedad, en la que consta que la finca monte " DE ORTOA", sita en la parroquia de Ortoa, no aparece inscripta a nombre de persona alguna.

RESULTANDO.- Que con fecha 30 de junio de 1.978, se recibió certificación del ayuntamiento de Sarria, en la que consta que en el inventario de bienes de este ayuntamiento no figura inscripto el monte "DE ORTOA".

RESULTANDO.- Que en el expediente de investigación que figura unido en cuerda floja, consta comparecencia de vecinos de la parroquia de Ortoa, que manifiestan:

Que en términos deesta parroquia, comprendidos dentro de los linderos que se citan, hay unos montes vecinales indivisos, que desde tiempo inmemorial están en la posesión del común de vecinos de la parroquia que los aprovechó siempre mancomunadamente para pastoreo, rozas de matorral y cavadas para siembra, estos montes son llamados " MONTES DE ORTOA".

Este monte de " ORTOA", forma parte del Catalogado de U. P. nº 77 - B, " LOUREIRO Y MACAQUE", entre las parroquias a las que el cátalogo asigna la pertenencia del mismo está la de Ortoá, como consecuencia de ello la guardería forestal intervino antiguamente en este monte.

A partir de las disposiciones sobre roturaciones de montes se intensificó la roturación de este monte, que se generalizó, mucho los años 40. Hace unos 20 años, parte de este monte fué ocupado por la repoblación forestal hecha por el Patrimonio Forestal del Estado.

El resto no repoblado se asignó una parcela de una Ha, a cada vecino, estas no han sio totalmente cultivadas, porque estan emplazadas en las zonas del monte de peor terreno.

A los posibles beneficios sobre tal repoblación se consideren con derecho todos los vecinos de la parroquia en la forma establecida por la Ley de Montes Vecinales en Mano Común.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente se han cumplido, los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de julio de 1.968, y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente el cual fué promovido por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de su artículo 1º así como el artículo 1º de su Reglamento a saber:

a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias en calidad de tales, en proindivisión con independencia de su origen en comunidad germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte " DE ORTOA", está perfectamente identificado tanto por el Ayuntamiento de Sarria, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado, asimismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte puedan obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos los efectos, de la prescripción extraordinaria regulada por el artículo 1.959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte " DE ORTOA", como se describe-

perteneciente a los vecinos de la parroquia de Ortoa, ayuntamiento de Sarria.

2º.- Que se emita certificación de la resolución firme de este Jurado, al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del - monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo - dispuesto en el apartado e) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

| Prov.ª | Munic.º | Comunidad Propª. | N.º monte |
|---|---|---|---|
| LU | 67 | 32 | 1 |

CLAVE DEL MONTE

## 3.-ESTADO FISICO

Ref.ª Indice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este "MONTE DE ORTOA" está situado en la parte N. del término parroquial, al N. de los pueblos de esta parroquia de ORTOA, enclavado entre fincas particulares, practicamente.

El terreno es poco accidentado, con pendientes relativamente suaves, con una altitud media próxima a los 650 m.

Además de los caminos de servicio desde los pueblos que acceden a él directamente, al extremo O. está cruzado por el camino vecinal de Castromeije.

3.2 SUPERFICIE.

152 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Fincas particulares en el Rego de Frades.

E.- Fincas particulares en Xaneiras, Formigoso y Olgas.

S.- Fincas particulares de la parroquia de Ortoá y algunas de Corrial.

O.- Fincas particulares de Ortoá y en la zona de Casaque.

| Ref.ª índice | CLAVE DEL MONTE | Prov.ª | Munic.º | Entidad Pop.ª | N.º monte |
|---|---|---|---|---|---|
| | | LU | 57 | 32 | 1 |

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

En este "MONTE DE ORTOA", practicamente enclavado entre fincas particulares, el único límite destacable es por el E. en la zona de Xaneiras, donde en algún punto divide con monte de la parroquia de Argemil.

3.5 OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este MONTE DE ORTOA con fincas particulares, entre las cuales está enclavado, no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al mismo.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.


LU 57 32 1
N.
Término de Páramo
Ctera. local de Mazadoiro a Escarlán
Castro de Escallán
Escarlán
GOYAN (S. Miguel)
Iglesia
Vilalence
Barrio
Páramo 876m.
SAN MARCOS
22
30
32
Capilla de San Marcos
Sierra
Outeiro
Rego da Lama
Lama
Tremeado
Cta. de Santa Bárbara
Rego das Solas
FRADES (S. Julián)
Rego de Frades
Costa da Frades
MONTE DE ORIOA
Frades 583m.
Rego das Macaque
Rego da Meiguenta
Labrada
Meijente
MEIGENTE (S. Julián)
Pacios
ORIOA (Snt. Marta)
Cruceiro
ARGEMIL (Snt. Eulalia)
C.ᵒ Carballas
Argemil
Pacio
Santalla
Poza
Sixto
Mouzos
Cruceiro Domiz
Nogueiras
Rosende
Villerma
Corrial
Barreiros 600m.
Navas
C.ᵒ Barreiros
Pico
Rio
Mazo
C.ᵒ Xestelo
Senra
La Cruz
Santa Marta
MASID (S. Pedro)
C.ᵒ Canijas
Vilar
Sanvicenzo
Marzán
Sierra
Sabenche
Fonte
Bajón
Rego de Paredes
K.8
K.7
K.6
K.5
K.4
K.3
K.2
K.1

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **14 de xuño de 2018**, figura o seguinte acordo:

*Monte DE ORTOÁ (expediente 68/78), pertencente aos veciños da parroquia de ORTOÁ, no termo municipal de SARRIA e clasificado con data 30 de abril de 1979.*
*- Con data 31 de maio de 2018, o servizo de montes elabora un informe-proposta de homologación do deslindamento do monte de Utilidade Pública “Ludeiro e Macaque” na parte do perímetro correspondente co monte veciñal de Ortoá.*
*- No informe consta que o monte Ludeiro e Macaque estaba incluído no catálogo de Utilidade pública co número 77-B e foi deslindado por resolución publicada no Boletín Oficial da Provincia do 8 de abril de 1960 de acordo coas actas, planos e rexistro topográficos unidos ao expediente, cunha cabida total de 582 hectáreas.*
*- Tras as sentenzas recaídas nos recursos contencioso-administrativos interpostos, o monte quedaría cunha superficie final de 276 ha, dividido en dúas parcelas:*
*Zona A: Ludeiro, da pertenza da parroquia de Meixente cunha superficie de 163 ha.*
*Zona B: Macaque da pertenza das parroquias de Ortoá, Maside, Arxemil e Frades cunha superficie de 113 ha.*
*- No BOP do 18 de novembro de 1967, publícase a aprobación da práctica do amolloamento do monte Ludeiro e Macaque. Á comunidade de Ortoá correspóndelle a superficie da parcela Macaque delimitada polos fitos nº 58 a 71, nº 89 a 109 e nº 113 a 137.*
*- Con data 20 de outubro de 1969 acórdase por Orde Ministerial dar por ben executado o amolloamento do monte de Utilidade Pública 77-B.*
*- Para a elaboración do informe pártese da premisa de que o monte de Ortoá clasificado como veciñal en man común, ten unha identidade coa parcela Macaque, e, como consecuencia, xa foi deslindado e amolloado.*
*- Os técnicos do Servizo de Montes efectuaron un levantamento topográfico dos fitos colocados no amolloamento do monte de UP, recollendo no informe as coordenadas de cada un dos fitos.*
*- Conforme a isto, modificáronse os esbozos producíndose por unha banda unha redución da superficie que segundo o amolloamento serían propiedade particular e zonas que foron obxecto de concentración parcelaria, e por outra unha inclusión dentro de perímetro, axustándose ao deslindamento de UP en todo o seu perímetro, salvo dúas zonas nas que se efectúa un axuste á planimetría catastral.*
*- Como consecuencia dos axustes realizados, o monte DE ORTOÁ queda cunha superficie resultante de 95,341 ha, conforme ao perímetro marcado nos planos adxuntos ao informe.*

ay

CVE: OoXnB9e9X1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

*En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, ACORDA, aceptando a proposta do Servizo de Montes,  homologar o deslindamento referido, e proceder ás oportunas correccións no expediente de conformidade co informe do Servizo de Montes.*

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

ay

CVE: OoXnB9e9X1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve


625000
625500
626000
626500
627000
4740000
4739500
4739000
MOJONES DESLINDE MUP
LÍNEA ZCP MASIDE
LÍNEA HOMOLOGACIÓN DESLINDE MONTE UTILIDADE PÚBLICA
LÍNEA REVISIÓN ESBOZO SEGÚN TITULARIDADE CATASTRAL
PROPOSTA ESBOZO MVMC
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes
galicia
Plano de:
Homologación Deslinde MUP de Lurdeiro e Macaque do Monte Veciñal en Man Común de Ortoá
Monte: Ortoá
Pertenza: Veciños da parroquia de Ortoá
Superficie previa: 153,283 ha
Superficie revisada: 95,341 ha
Municipio: Sarria
Escala: 1:8.000
Plano 3: Situación tras revisión de esbozo
0 75 150 225 300 m
O xefe de área
Lugo, 16 de maio de 2018
Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN    Expediente: 4/2021**

PRESIDENTE:
Mª Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:
Miguel Ángel Cela González
Josefina Pereira de la Riera
Antonio J. López Acuña Herrero

SECRETARIA:
Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **31 de marzo de 2022**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **4/2021** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **AS CARBALLÁS (ampliación)**, no concello de **SARRIA**, iniciado por acordo do xurado do 2.6.2021, do que é instrutora Lucía Belver Quiroga, e resultando os seguintes:

## ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na sesión do 2.6.2021 iníciase o expediente 4/2021, a instancia da comunidade do MVMC de Ortoá. Na mesma sesión, Lucía Belver Quiroga é designada instrutora do expediente.

Segundo.- O día 5.7.2021 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

Terceiro.- O día 12.7.2021, o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte **AS CARBALLÁS (ampliación)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

Cuarto.- O 7.7.2021 solicítaselle ao **Rexistro da Propiedade de Sarria** o seguinte:

- Certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e

condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

Quinto.- O día 6.8.2021, ten entrada un escrito da rexistradora da propiedade de Sarria mediante o que solicita máis información sobre os predios obxecto deste expediente.

Sexto.- O día 17.11.2021 é enviada unha **mellora da solicitude ao Rexistro da Propiedade de Sarria** ca finalidade de que emita os certificados indicados no antecedente cuarto.

Sétimo.- O día 18.11.2021 notifícaselle á CMVMC de Ortoá a **suspensión do prazo para resolver** polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe solicitado ao Rexistro da Propiedade de Sarria.
O día 26.10.2021 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Oitavo.- O día 20.1.2022 ten entrada unha certificado do **Rexistro da Propiedade de Sarria** de que non figuran inscricións das parcelas catastrais obxecto de clasificación.

Noveno.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente á **comunidade de Ortóa,** con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo primeiro.- O día 1.2.2022 envíaselle unha comunicación ao **Concello de Sarria** da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade.

Décimo segundo.- O día 1.2.2022, comunícaselle á **Xerencia Territorial do Catastro** a iniciación do expediente coa identificación da referencia catastral obxecto da clasificación.

Décimo terceiro.- O día 1.2.2022 ten saída unha notificación a Emilio Grandas Díaz por constar como titular catastral da parcela 27057A02201188. A notificación resulta infrutuosa por enderezo incorrecto. A dita persoa non aparece no Catastro debidamente identificada, non constando o seu NIF, polo que cabe considerala "descoñecida".
En canto á parcela catastral 27057A02201187, ten como titular catastral a Jesús Fernández Liz, sen poder ser notificado debido a que non figura ningún outro dato identificador desta persoa: nin o seu domicilio nin tampouco o seu NIF, polo que cabe considerala "descoñecida".

Décimo cuarto.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Sarria e solicítase a **anotación preventiva.**

Décimo quinto.- O día 14.2.2022 sae publicado o anuncio no **DOG**, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de AS CARBALLÁS (ampliación) así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

Décimo sexto.- O día 10.3.2022 o Concello de Sarria presenta unha certificación acreditativa da exposición pública do anuncio enviado.

Décimo sétimo.- O día 13.3.2022 envíaselle á comunidade de Ortoá unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **As Carballás (ampliación).**

Décimo oitavo.- O día 15.3.2022 ten entrada unha comunicación na que se identifica aos representantes que asistirán á reunión do xurado, na que se estude o expediente de As Carballás (ampliación). Son: José López Castro e Álvaro Rodríguez González.

Décimo noveno.- Non foron presentadas alegacións.

**FUNDAMENTO DE DEREITO**

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, cabe indicar o seguinte:

- As parcelas respecto das que se solicita a ampliación do monte aparecen no Catastro Inmobiliario a nome de dous particulares que non aparecen correctamente identificados, non constando o seu NIF ou DNI.
  Neste senso os datos catastrais gozan de presunción de veracidade segundo o establecido no artigo 3.3. do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante RDL. 1/2004).
- Enténdese que ás persoas que aparecen mencionadas no Catastro, pese a súa identificación inexacta, teñen condición de interesadas no procedemento.

Poren, unha delas non puido ser localizada por falta dos datos identificativos necesarios e non constar o seu domicilio e a outra, pese a remitirlle unha comunicación para darlle trámite de audiencia no domicilio que constaba naquel, non se lle puido notificar persoalmente por resultar un domicilio incorrecto.

Non obstante cabe indicar que o procedemento foi sometido a publicidade. O día 14.02.2022 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de AS CARBALLÁS (ampliación) así como a apertura dun prazo para presentar alegacións, e segundo certifica o Concello o 10.03.20022 o dito inicio tamén foi publicado no taboleiro de edictos daquel, quedando exposto ao público durante 28 días.

- Tras dita exposición ao público con motivo do inicio do expediente, non se presentou ningunha alegación.
- Dito o anterior, e aos efectos de entender que exista proba en contra da presunción de veracidade dos datos catastrais (que ademais non son precisos nin completos) e que polo tanto, estes foran incorrectos e os terreos poidan considerarse pertencentes ao monte veciñal en man común, debe terse en conta o **acordo asembleario** ditado pola comunidade propietaria do monte con data 07.04.2019, no que **17 veciños da parroquia de Ortoá** (todos os que acoden á dita asemblea) **acordan a solicitude de ampliación do monte das dúas parcelas ás que se refire este procedemento, por consideralas pertencentes ao monte.**

O anterior acordo pode asemellarse a unha proba testemuñal, por canto os ditos veciños votan a favor dunha ampliación porque consideran (porque coñecen, lles consta,...) que pertencen ao monte veciñal.

Neste senso, o artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), dispón que *"Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por* ***calquera medio de proba admisible en dereito****, cuxa* ***valoración realizarase de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuizamento civil****"*.

Esta norma (en adiante LECiv.), que regula os "medios de proba" no seu capítulo VI, tras enumerar no artigo 299 unha serie de medios de proba admisibles nos procedementos xudiciais, indica ao longo do seu articulado cal debe ser o criterio para a súa valoración.

No relativo ás *declaracións de parte*, o artigo 316 da LECiv. establece que se valorarán segundo as regras da sa crítica, e o seu artigo 376 dispón que: *"Os tribunais valorarán a forza probatoria das declaracións das testemuñas conforme ás regras da sa crítica, tomando en consideración a razón de ciencia que deran, as circunstancias que neles concorran e, no seu caso, as tachas formuladas e os resultados da proba que sobre estas se tivera practicado"*.

No relativo á testemuñal que pode implicar o acordo asembleario pola manifestación de **17 veciños da parroquia** á que pertence o monte, non hai dúbida da idoneidade destes aos ditos efectos, por canto, como veciños do lugar se lles debe presumir o coñecemento sobre a realidade do monte e o uso e natureza

comunal que este ten, debendo neste caso polo tanto terse en conta aquela fronte aos datos catastrais (que ademais son inexactos).

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

| | |
|---|---|
| **Nome:** | As Carballás (ampliación) |
| **Pertenza:** | Veciños da parroquia de Ortoá |
| **Parroquia:** | Ortoá |
| **Concello:** | Sarria |
| **Superficie:** | 0,967 hectáreas |

Na seguinte táboa, indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación así como das estremeiras:

<table>
<tr><th>Parcela obxecto de clasificación</th><th colspan="2">Parcelas estremeiras</th></tr>
<tr><td rowspan="4">27057A02201187<br>27057A02201188</td><td>Norte</td><td>27057D50200112</td></tr>
<tr><td>Leste</td><td>27057D50200116<br>27057A02209043<br>27057A02200391<br>27057A02200388</td></tr>
<tr><td>Sur</td><td>27057A02200328<br>27057A02200390</td></tr>
<tr><td>Oeste</td><td>27057A02200389<br>27057A02200387<br>27057A02200317<br>27057A02209043</td></tr>
</table>

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Ortoá conta cunha superficie de **96,31 hectáreas**

Lugo, 31 de marzo de 2022

Os membros do xurado




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:
Exp: Sarria_68/78_2019_73
Proposta de ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Ortoá (exp 68/78 )

Monte: **Ortoá**
Pertenza **Veciños de da Parroquia de Ortoá**

| | | |
|---|---|---|
| Superficie previa | **95.34 Ha** | Municipio: **Sarria** |
| Superficie previa | **0.967 Ha** | |
| Superficie previa | **96.31 Ha** | |

**Escala:** 1:1.000

Plano 2. Localización dos predios obxecto de ampliación

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

(asinado dixitalmente)

O xefe de área

(asinado dixitalmente)

MONTE_PREVIO
Predios_solicitados

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

CVE: zCsIVyBbk7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:

Exp: Sarria_68/78_2019_73
Proposta de ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Ortoá (exp 68/78 )

Monte: **Ortoá**

Pertenza **Veciños de da Parroquia de Ortoá**

| | | | |
|---|---|---|---|
| Superficie previa | **95.34 Ha** | Municipio: | **Sarria** |
| Superficie previa | **0.967 Ha** | | |
| Superficie previa | **96.31 Ha** | | |

**Escala:** 1:7.000

Plano 3. Situación do monte posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

(asinado dixitalmente)

O xefe de área

(asinado dixitalmente)

MONTE_POSTERIOR

Verificación: https://sede.xunta.gal/cve